

EXPOSICIÓN 2024

2024 EXPOSICIÓN

PERIGOSAS
MULLERES
EN PERIGO

PERIGOSAS
MULLERES
EN PERIGO

AUTORA

Catalina Míguez Vilas
*Catedrática de Lingua Castelá e Literatura,
IES Mendiño de Redondela*

COORDINADORA
DO PROXECTA,
curso 2022-2023

Almudena Suárez Cerviño
*Profesora de Relixión,
IES Mendiño de Redondela*

DESEÑO E
MAQUETACIÓN

Mai Villar

IMPRESIÓN E
MONTAXE

Copy Redondela

I.E.S. Mendiño



I.E.S. Mendiño



MULLERES PERIGOSAS

Que poeta satánico inglés compuxo un poema titulado “La belle dame sans merci”?

Durante a Idade Media cal é a contrafigura da muller perigosa e perversa?

En que período literario anterior ao Romanticismo un poeta francés escribiu outro poema co mesmo título “La belle dame sans merci”?

Que raíña bica a ese poeta francés no cadro dun pintor prerrafaelita?

Menciona exemplos de figuras femininas asociadas ao mal desde a orixe dos tempos.

Que causas explican a aparición do prototipo da muller fatal no século XIX?

Que pintor inglés prerrafaelita creou o cadro “Lady Lilith” e quen foi o seu modelo?

Identifica ao pintor que retrata a unha muller serea, o título do cadro e o ano en que o compuxo.

Busca o nome do pintor que creou “Soños”. Aclara o significado da figura feminina sentada nun banco e rodeada de libros.

E cal é o significado do cadro pintado en 1927 pola expresionista Gabrielle Münter, “A lectora”.

Que actriz e guionista encarna á muller independente no cine?

Que actriz encarna a Salomé en 1918? Con que palabra inglesa se denomina á muller fatal no cine?

Como se chama o personaxe encarnado pola actriz Marlene Dietrich en 1930 no film *O anxo azul*?

Que simboliza Gilda fronte a represión machista?

A que xénero pertence a película *Thelma e Louise*?

Por que ao autor o someteron a xuízo en 1857?

Que famosísimo pintor creou o cadro “A lectora de novelas”?

Por que a lectura de novelas no século XIX foi considerada perigosa polo patriarcado?

E que pensaba San Bernardino de Siena da lectura entre mulleres no século XV?

Como se chama a primeira muller na mitoloxía grega? Que pintor prerrafaelita inglés pintou un cadro sobre ela?

De que dramaturgo inglés é íntimo amigo Aubrey Beardsley e por que figura feminina ambos creadores se interesaron?

Como se chaman as dúas figuras femininas que decapitan aos respectivos personaxes masculinos?

Que pintora italiana retrata a vinganza contra Holofernes e por que a protagonista do seu cadro asasina a este home?

Menciona os títulos das dúas obras de Valle-Inclán nas que acude ao modelo da “femme fatale”.

Sinala o título dalgún poemario da poeta uruguaia Delmira Agustini.

Que dúas destacadas escritoras do século XIX comparten o mesmo pensamento feminista e exerceron como críticas literarias?

En España en que ano, por fin, accede a muller aos estudos universitarios?

Que condición profesional e académica acada Emilia Pardo Bazán en 1916?

Menciona o título dunha obra de Virginia Woolf.

Cita títulos de novelas publicadas no século XIX con protagonistas adúlteras.

Que obras le a protagonista da novela de Gustave Flaubert?

MULLERES EN PERIGO

Busca o nome da poeta modernista vítima de feminicidio. En que ano publica o poemario *Los cálices vacíos*?

Que nome falso elixe María Lejárraga para asinar as súas creacións?

Na aparición de que revistas modernistas tivo un papel decisivo como cofundadora?

Con que destacados músicos colabora María Lejárraga como libretista?

Que cargo político asume en 1931 durante a Segunda República española?

Walt Disney rouboulle unha obra orixinal para estrenar que famosa película de debuxos animados en 1955?

Cando a pintora do Barroco italiano Artemisia Gentileschi realiza o seu autorretrato, que simboliza?

Que lle aconteceu cando tan só tiña dezaioito anos?

Que denuncia Artemisia Gentileschi co seu cadro “Susana e os vellos”?

Con que destacado científico mantivo estreita relación?

Que denominación é a elixida para nomear ao grupo de mulleres que desenvolveron a súa carreira no segundo período de maior esplendor da cultura española?

De entre elas quen foi recoñecida como “nena prodixio” e destacou no eido das belas artes?

De que poeta estaba namorada e que lle deixou antes de suicidarse?

En que cidade se desenvolve a historia da película *Te doy mis ojos*? Quen son os protagonistas e os actores que encarnan eses papeis?

Como se titula a curtametraxe na que se basea o film?

Como concibe a directora Icíar Bollaín o cine?